

Boletín Oficial

DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

PRECIOS DE SUSCRIPCION

Al año.....36,06 €
Al semestre.....24,04 €
Mas gastos de envío
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.

VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS

Por ejemplar de hasta 8 páginas0,60 €
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas.....0,90 €
Por ejemplar de más de 12 páginas1,35 €

LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE

ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES

Por cada palabra o números.....0,15 €
- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.
- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.
- Importe mínimo de publicación.....6 €

SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS

Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)
Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Innovación e Industria

Delegación Provincial de Lugo

Resolución do 29 de xaneiro de 2009 da Delegación Provincial de LUGO pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen (Nº expte: IN407A 2008/138-2)-7355-AT.

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se detallan:

- Solicitante: INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO (I.G.V.S.).

- Enderezo social: AVDA. DE RAMÓN FERREIRO, 28, 27001 LUGO.

- Denominación: CT DE MT PARA SUMINISTRO A EDIFICIO DE VIVENDAS DE P.O.

- Situación: CONCELLO DE MEIRA.

- Descricións técnicas:

- CT EN EDIFICIO NON PREFABRICADO, CUNHA POTENCIA DE 400 KVA E UNHA RELACIÓN DE TRANSFORMACIÓN DE 20.000/400-230V, ALIMENTADO POLA LMT SUBESTACIÓN MEIRA-MEIRA.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sobre autorización de instalacións, esta Delegación Provincial

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en todas as súas partes ás que figuran no mesmo e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos Regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos Ministerios, Organismos ou Corporacións que constan nos expedientes.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo Sr. Conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Lugo, 29 de xaneiro de 2009.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Máñez.

R. 00680

Resolución do 9 de febreiro de 2009 da Delegación Provincial de LUGO pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen (Nº expte: IN407A 2008/134-2)-7285-AT.

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se detallan:

- Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.

- Enderezo social: A BATUNDERIA, 2-VELLE, 32960 OURENSE.

- Denominación: LMTS E CT ALFONSO XIII.

- Situación: CONCELLO DE BÓVEDA.

- Descricións técnicas:

- LMTS A 20 KV CON ORIXE NO CT BÓVEDA E FINAL NO CT ALFONSO XIII PROXECTADO, CUNHA LONXITUDE DE 462 M., EN CONDUTOR RHZ1-95 SOTERRADO BAIXO TUBO.

- CT NON PREFABRICADO ALFONSO XIII, UBICADO EN PLANTA BAIXA DE EDIFICIO, CUNHA POTENCIA DE 250 KVA E UNHA RELACIÓN DE TRANSFORMACIÓN DE 20.000/400-230V.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sobre autorización de instalacións, esta Delegación Provincial

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en todas as súas partes ás que figuran no mesmo e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos Regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos Ministerios, Organismos ou Corporacións que constan nos expedientes.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo Sr. Conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Lugo, 9 de febreiro de 2009.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Máñez.

R. 01081

Resolución do 12 de febreiro de 2009 da Delegación Provincial de LUGO pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen (Nº expte: IN407A 2008/125-2)-7296-AT.

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se detallan:

- Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.

- Enderezo social: A BATUNDEIRA, 2-VELLE, 32960 OURENSE.

- Denominación: LMTS CTC CALLE ANCARES.

- Situación: CONCELLO DE BECERREÁ.

- Descricións técnicas:

- LMTS A 20 KV CON ORIXE NA LMTS BEC807 ENTRE O CT GÓMEZ JIMÉNEZ E O CT BOLAÑO MENDO E FINAL NO CT PROXECTADO, CUNHA LONXITUDE DE 106 M., EN CONDUTOR RHZ1-240 SOTERRADO BAIXO TUBO.

- CT NON PREFABRICADO EN PLANTA BAIXA DE

EDIFICIO NA RÚA ANCARES, CUNHA POTENCIA DE 400 KVA E UNHA RELACIÓN DE TRANSFORMACIÓN DE 20.000/400-230V.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sobre autorización de instalacións, esta Delegación Provincial

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en todas as súas partes ás que figuran no mesmo e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos Regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos Ministerios, Organismos ou Corporacións que constan nos expedientes.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo Sr. Conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Lugo, 12 de febreiro de 2009.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Máñez.

R. 01082

Resolución do 5 de febreiro de 2009 da Delegación Provincial de LUGO pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen (Nº expte: IN407A 2008/136-2)-7298-AT.

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se detallan:

- Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.

- Enderezo social: A BATUNDEIRA, 2-VELLE, 32960 OURENSE.

- Denominación: MODIFICADO DE LMT CT CAM-
POMAIOR.

- Situación: CONCELLO DE PALAS DE REI.

- Descricións técnicas:

- LMTA A 20 KV CON ORIXE NUN APOIO A INTER-CALAR NA LMTA PAL 805, ENTRE OS APOIOS B-37-8 E B-37-9, E FINAL NUN APOIO DE NOVA INSTALACIÓN QUE SUSTITUIRÁ O B-37-9, CUNHA LONXITUDE DE 21 M., EN CONDUTOR LA-56.

- LMTS A 20 KV CON ORIXE NO APOIO DE NOVA INSTALACIÓN B-37-9 E FINAL NO CT PROXECTADO, CUNHA LONXITUDE DE 23 M., EN CONDUTOR RHZ1-150 SOTERRADO BAIXO TUBO.

- CT CASETA RURAL NO LUGAR DE CAMPO-MAIOR, CUNHA POTENCIA DE 250 KVA E UNHA RELACIÓN DE TRANSFORMACIÓN DE 20.000/400-230V.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do

27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sobre autorización de instalacións, esta Delegación Provincial

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en todas as súas partes ás que figuran no mesmo e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos Regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos Ministerios, Organismos ou Corporacións que constan nos expedientes.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo Sr. Conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Lugo, 5 de febreiro de 2009.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Máñez.

R. 01083

RESOLUCIÓN DO 20 DE FEBREIRO DE 2009, DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, POLA QUE SE AUTORIZA E APROBA O PROXECTO DE EXECUCIÓN DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA QUE SE CITA (IN407A 2008/7-2 7184-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: Palloza Gallega, S.L.

Enderezo social: Estrada Vegadeo-Pontevedra s/n, 27000 Lugo.

Denominación: L.M.T. a 20 kV e C.T. de 630 kVA para subministración a establecemento hosteleiro.

Situación: Concello de Castro de Rei.

Características técnicas:

- Nova derivación soterrada a 20 kV baixo tubo, con orixe mediante entroncamento en apoio existente na L.M.T. Mosteiro, propiedade da empresa subministradora, ata novo C.T. proxectado, en condutor R.H.Z.-1-150 mm² Al, cunha lonxitude de 260 m. e 15 m. de tramo aéreo de conexión no extremo de apoio de entroncamento.

- C.T. en superficie, construído en obra de fábrica con transformador de potencia 630 kVA en local adaptado dentro de edificio existente.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do Sector Eléctrico, e no título VII, capítulo II, do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta Delegación Provincial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das

devanditas instalacións cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos técnicos de aplicación.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a seis meses, contados a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, pódese interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Conselleiro de Innovación e Industria, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, de acordo co procedemento establecido nos artigos 107, 110, 114, e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, todo elo sen perxuízo de que os interesados poidan presentar calquera outro recurso, en defensa dos seus intereses que estimen convinte.

Lugo, 20 de febreiro de 2009.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Máñez.

R. 01106

Resolución do 13 de febreiro de 2009 da Delegación Provincial de LUGO pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución das instalacións eléctricas que se describen (Nº expte: IN407A 2008/137-2)-7141-AT.

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a continuación se detallan:

- Solicitante: UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.

- Enderezo social: A BATUNDEIRA, 2-VELLE, 32960 OURENSE.

- Denominación: LMTS E CT FRAY LUIS DE GRANADA.

- Situación: CONCELLO DE SARRIA.

- Descricións técnicas:

- LMTS a 20 kv con orixe na LMTS pertencente á saída SAR807 entre o CT edificio Estación e o novo CT manobra exterior (250 kva) Frai Luis de Granada e final no CT proxectado P. Sarmiento, cunha lonxitude de 162 m., en condutor RHZ1-240 soterrado baixo tubo.

- CT manobra exterior P. Sarmiento, ubicado na rúa Frai Luis de Granada, cunha potencia de 400 kva e unha relación de transformación de 20.000/400-230V.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, sobre autorización de instalacións, esta Delegación Provincial

RESOLVE:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, nas que as características axustaranse en todas as súas partes ás que figuran no mesmo e ás condicións técnicas e de seguridade esta-

blecidas nos Regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos Ministerios, Organismos ou Corporacións que constan nos expedientes.

Contra a presente resolución poderá interpoñer recurso de alzada ante o Excmo Sr. Conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente ó seu dereito.

Lugo, 13 de febreiro de 2009.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Máñez.

R. 01134

Resolución do 16 de febreiro de 2009, da Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Innovación e Industria pola que se autoriza, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urxente ocupación, da instalación eléctrica L.M.T. CT. RBT. Regueira II, no Concello de Monforte de Lemos. (Expediente 011/2008 AT).

Examinado o expediente instruído por instancia de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., con enderezo para os efectos de notificación na Avda. Arteixo, nº 171, 15000 A Coruña, resultan os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro.- Con data do 28 de marzo de 2008, a citada empresa solicita a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da L.M.T. CT. RBT. en Regueira II, presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola instalación que determina o artigo 53 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico, e o 143 do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, que a desenvolve.

Segundo.- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico; e do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; mediante resolución desta Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de Lugo do 25 de novembro de 2008. Esta resolución foi publicada no DOG do 17-12-2008, no BOP de Lugo do 18-12-2008, no diario El Progreso de Lugo do 11-12-2008, no taboleiro de anuncios desta Delegación Provincial e no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte. Con esta resolución se insería a relación de bens e dereitos afectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos

interesados incluídos na referida relación de bens e dereitos afectados.

Terceiro.- Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e se cumpriron os trámites establecidos a este respecto no artigo 131 do Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro.

Cuarto.- Durante o período en que se someteu ao trámite de información pública non se presentou ningunha alegación.

Quinto.- Polos servizos técnicos desta Delegación Provincial emítese informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente de acordo co exposto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico, e o exposto no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se da ningunha das limitacións para a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real Decreto 1.955/2000, en relación co artigo 57 da Lei 54/1997, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Innovación e Industria é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia; Decreto 211/2005, do 3 de agosto, e 232/2005, do 11 de agosto, nos que se fixa a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e dos departamentos desta (DOG nº 149 e 155, do 4 e 12-8-2005, respectivamente), Decreto 231/2006, do 23 de novembro (DOG nº 244, o do 21-12-2006), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación e Industria, Decreto 36/2001, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico.

Segundo.- O proxecto cumpre o disposto no Regulamento de liñas eléctricas de alta tensión, aprobado polo Decreto 3.151/1968, do 28 de novembro e, en concreto, nos seus artigos 5 e 6.

Terceiro.- No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites regulamentarios.

Esta Delegación Provincial, de acordo co que antecede e no exercicio das competencias que ten atribuídas,

RESOLVE:

Primeiro. Autorizar a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. o establecemento da L.M.T. CT. RBT. Regueira II, no Concello de Monforte de Lemos coas seguintes características técnicas principais:

1.- Liña de media tensión aérea desnuda ao C.T. Regueira II, con orixe no apoio nº 0 prox. Intercalado na

LMT exist. MOF8091405 procedente da saída MOF809 (Regueira) da subestación Monforte e final no C.T. intemperie prox. Regueira II, de 0,135 km de lonxitude a 20 kV sobre apoios de formigón, en condutor LA-56/54,6 mm².

2.- Centro de transformación intemperie de Regueira II, de 50 kV de potencia e relación de transformación 20 kV/ 380-220V.

3.- Rede de baixa tensión aérea en Regueira de 1,036 km. de lonxitude, con orixe no C.T. Regueira II, sobre apoios de formigón, en condutor RZ.

Segundo. Aprobar o proxecto de execución da instalación eléctrica denominado LMT. CT. RB T. Regueira II, asinado polo enxeñeiro industrial D. Rubén Menéndez Fernández.

Terceiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario El Progreso de data 11 de decembro de 2008, Diario Oficial de Galicia de data 17 de decembro de 2008 e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 18 de decembro de 2008 e expostas no taboleiro de anuncios desta delegación provincial e no taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos. Así mesmo, se fai constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións, que se consideren oportunas aos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberán presentar por escrito perante desta delegación provincial (sita no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Ronda da Muralla 70, Código Postal 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

Primeira.- As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e planos que figuran no modificado ao proxecto presentado pola empresa Unión Fenosa Distribución, S.A.

Segunda.- O petionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira.- En todo momento deberase cumprir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Decreto 3.151/1968, do 28 de novembro, así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Real

Decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

Cuarta.- Para introducir modificacións nas instalacións que afecten datos básicos do proxecto será necesaria autorización previa desta Delegación Provincial de Lugo da Consellería de Innovación e Industria.

Quinta.- O prazo para a execución das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data de notificación/publicación desta resolución.

Sexta.- A Administración reserva para si o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1.775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

Sétima.- Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

A publicación desta resolución se realiza tamén para os efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co establecido no artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación nos termos establecidos nos artigos 107, 110, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideren pertinente.

Lugo, 16 de febreiro de 2009.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Máñez.

R. 01135

Resolución do 26 de febreiro do 2009 da Delegación Provincial de Innovación e Industria de Lugo, pola que se anuncia o levantamento de actas previas á ocupación para a instalación eléctrica MODIFICADO DA LIÑA ELÉCTRICA DE ALTA TENSIÓN A 132 kV E/S SUBESTACIÓN SAN CIBRAO, no Concello de Lugo. (Expte. 22/2007 AT)

O día 10 de febreiro de 2009, (Diario Oficial de Galicia do día 24/02/2009) a Consellería de Innovación e Industria ditou resolución, pola que se autoriza admi-

nistrativamente, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do modificación da L.A.T. 132 kV E/S subestación San Cibrao, que afecta ao Concello de Lugo.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 54/1997 do 27 de novembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954.

Con base no anterior, esta Delegación Provincial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa, resolve convocar o día 18 de marzo de 2009 no Concello de Lugo (edificio Seminario, na Ronda da Muralla), a todas as persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como anexo á presente resolución e tamén no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo, deducida da que se someteu a información pública no Diario Oficial de Galicia do 25/03/2008, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 24/03/2008 e no diario "El Progreso" do 19/03/2008, para que comparezan no concello sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento de actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna cédula de citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento de actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo estará exposta a data do levantamento de actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade e o último recibo da contribución, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de Expropiación Forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta Delegación Provincial (rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento de actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros padecidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa).

Esta publicación realízase igualmente, para os efectos que determina o artigo 59.4 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas do Procedemento Administrativo Común, modificado pola Lei 4/1999, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, se ignore o lugar de notificación ou, tentada ésta, non se puidese efectuar, e así entender as dilixencias co Ministerio Fiscal segundo o establecido no artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa.

Lugo, 26 de febreiro de 2009.- O Delegado Provincial, Ramón Jesús Cortés Máñez.

R. 01180

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

AUGAS DE GALICIA

Demarcación de Lugo

*Información pública**Anuncio*

CLAVE: DH.W27.05378

D. Isidro Rodríguez Loredó, con NIF 33.810.691R, e con enderezo en R/. As Plazas 18, Stª María 27760 Lourenzá, Lugo.

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de legalización dun muro de cerramento na zona de policía do río Baos no lugar de Cuñas da parroquia de Santa María do Concello de Lourenzá (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70-2º Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 18 de febreiro de 2009.- O Xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez.

R. 01100

*Información pública**Anuncio*

CLAVE: DH.W27.05383.

O Concello de Barreiros con CIF P2700500H, e con enderezo en Rúa Vila, 63, 27790 - San Cosme de Barreiros, Lugo.

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de cruzamentos con tuberías de saneamento no Rego de Benquerencia e no arroio de Barranca nos lugares de Suigrexia (Benquerencia) e Arealonga (Reinante) do Concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70-2º Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 19 de febreiro de 2009.- O Xefe da Sección Técnica, Vicente Rodríguez Álvarez.

R. 01105

Consellería de Traballo

Delegación Provincial de Lugo

RELACIONES LABORAIS.

CONVENIOS COLECTIVOS.

Exp. 017-2007. (Código 2700830). REVISION Ref. AMVV.

Visto o acordo para a revisión das táboas salariais par o ano 2009 do convenio colectivo para a empresa "CECHALVA, S.L." concesionaria da retirada de vehículos da vía pública no Concello de Lugo, asinado o día 2 de febreiro de 2009, pola representación da mencionada empresa e a dos seus traballadores, e, de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real Decreto 1.040/81, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

ESTA DELEGACIÓN PROVINCIAL, ACORDA:

PRIMEIRO: Ordena-la inscrición da revisión do citado acordo no rexistro de convenios desta Delegación, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Remiti-lo texto da revisión do mencionado convenio colectivo á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

TERCEIRO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 13 de febreiro de 2009.- O Delegado Provincial, José Miguel Vázquez Calvo.

ACTA

En Lugo, sendo as 10 horas do día 2 de febreiro de 2009, reúnenos nos locais de Comisións Obreiras (CC.OO.) sitos nos locais da Ronda da Muralla, 58 - 4ª planta 27003 Lugo, as persoas que se citan a continuación:

Pola representación dos traballadores:

- D. Alfonso Gallego Vigo - CC.OO.

Pola representación da empresa:

- D. Manuel Santiso González.

Se chega ós seguintes acordos:

Primeiro.- Revisar as táboas salariais en base o Art. 13 do convenio colectivo da empresa Cechalva, S.L. para o ano 2009 (axuntase como anexo I).

Segundo.- Remitir as actas xunto coas táboas salariais do ano 2009 á Consellería de Traballo para a súa revisión e posterior publicación no Boletín Oficial.

Terceiro.- Chegase ó acordo de que presente a documentación na Consellería de Traballo Manuel Santiso González, ná súa calidade de representante da empresa Cechalva, S.L. ou Alfonso Gallego Vigo, en calidade de representante dos traballadores.

Sen mais que tratar, levántase a sesión.

Asinado: D. Alfonso Gallego Vigo.

DNI. 33.343.104-G.

Representante dos traballadores (CC.OO.).

Asinado: D. Manuel Santiso González.

DNI. 33.311.246-R.

Representante da empresa.

ANEXO I: TABOAS SALARIAIS DO ANO 2009 DA EMPRESA CECHALVA S.L.**LUGO**

CATEGORIAS	SALARIO BRUTO MENSUAL	SALARIO BASE	PLUS ASISTENCIA	PLUS TRANSPORTE	PAGA BENEFICIOS	SALARIO ANUAL MENSUAL
CONDUCTOR	1.121,80 euros	815,47 euros	77,66 euros	228,67 euros	682,59 euros	16.387,78 euros
RECEP.						
DEPOSITO	867,20 euros	679,55 euros	51,74 euros	135,91 euros	682,59 euros	12.823,34 euros
FESTIVOS	54,52 euros					

En Lugo, a 2 de febreiro do 2009.

Asinado: D. Alfonso Gallego Vigo, DNI. 33.343.104-G. Representante dos traballadores (CC.OO.).

Asinado: D. Manuel Santiso González, DNI. 33.311.246-R. Representante da empresa.

R. 01016

AYUNTAMIENTOS**CASTROVERDE***Anuncio de licitación*

1.- Entidade adxudicadora: Concello de Castroverde.

2.- Descrición do contrato:

a) Obxecto: "Acondicionamento de accesos a varios núcleos de poboación de Castroverde".

b) Prazo de execución: Catro (4) meses.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: Urgente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Prezo da licitación.

Orzamento base de licitación: 445.125,26 euros.

Da cantidade anterior, corresponde en concepto de Imposto sobre o Valor Engadido: 61.396,59 euros.

5.- Garantías.

a) Garantía provisional: 11.511,86 euros.

b) Garantía definitiva: 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

6.- Criterios de adxudicación: Ver pregos de cláusulas administrativas.

7.- Obtención de documentación e información:

a) Concello de Castroverde; Praza do Concello, 2-C.P. 27120-Castroverde (Lugo).

b) Web: www.concellodecastroverde.com (perfil do contratante).

c) Teléfono 982-312080.

d) Fax: 982-313011.

8.- Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación: Grupo: G; subgrupo: 6; categoría: e.

b) Outros requisitos: Pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

9.- Presentación de ofertas:

a) Data límite de presentación: Ás 14 horas do décimo terceiro (13) día natural seguinte ó da publicación deste anuncio no B.O. da Provincia de Lugo.

b) Documentación que se presentará: A requerida polos pregos.

c) Lugar de presentación: Concello de Castroverde, Praza do Concello núm. 2.

10.- Apertura de ofertas: Quinto día hábil seguinte ó do remate do prazo de presentación de ofertas, que non sexa sábado, no salón de sesións da Casa do Concello de Castroverde.

11.- Gastos de anuncios: A cargo do adxudicatario.

Castroverde, 26 de febreiro de 2009.- O Alcalde, Xosé M^a Arias Fernández.

R. 01169

—
LUGO

Anuncio

Por Decreto número 130/2009, do 26 de febreiro ditado pola tenenta de Alcalde delegada da Área de Economía e Emprego en virtude de delegación conferida no acordo número 24/1174 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 3 de decembro de 2008 aprobouse a forma de adxudicación mediante procedemento aberto e tramitación urgente para a CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA CAPA RODADURA DO CAMIÑO DENDE A N-640 EN RUBIÁS A C-630 EN BASCUAS. FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL. OBRA 09FEIL30.

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: É obxecto do presente contrato a realización das obras de "mellora da capa de rodadura do camiño dende A N-640 en Rubiás a C-630 en Bascuas" segundo o proxecto técnico asinado polo enxeñeiro municipal D. Pablo Fuentes Faílde.

b) Prazo de execución: As obras obxecto deste contrato executaranse con suxeición ás cláusulas estipuladas no prego e conforme ao proxecto técnico aprobado polo Concello e terán un prazo máximo de execución de UN MES E MEDIO contado a partires do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo e deberán concluír antes do día 1 de xaneiro de 2010 (en todo caso deberá cumprirse o disposto no artigo 7.1 do Real Decreto Lei 9/2008, do 28 de novembro).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urgente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación.

a) Orzamento máximo do contrato:

1) O contrato ten un valor estimado de: 269.121,41 euros.

2) O Importe correspondente ao IVE (16%) ascende a: 43.059,43 euros.

3) O presuposto de execución por contrata ten un importe de: 312.180,84 euros.

O prezo de licitación terá a consideración de prezo cerrado e dada a duración do contrato non procederá a revisión de prezos.

5.- Garantías:

a) Provisional: 8.073,64 euros.

b) Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento ou na dependencia de Planificación e Control.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-71-45, 29-72-70.

e) Telefax: (982) 29-72-59 ou 29-72-09.

f) Dirección internet: www.lugo.es (zona de servicios: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións.

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 13 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª planta).

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ao seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacions: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato (300 euros aproximadamente) serán por conta do contratista adxudicatario.

Igualmente o contratista adxudicatario queda obrigado a sufragar los custos da elaboración e instalación do cartel anunciador da obra que se realizará conforme ás condicións técnicas e contido establecidas na Resolución de 13 de xaneiro de 2009 da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial. A contía deste gasto ascende aproximadamente a 1.400 euros.

Lugo, a 26 de febreiro de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 74/2008), Sonia Méndez García.

R. 01167

Anuncio

Por Decreto número 129/2009, do 26 de febreiro ditado pola tenenta de Alcalde delegada da Área de Economía e Emprego en virtude de delegación conferida no acordo número 24/1.174 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 3 de decembro de 2008 aprobouse a forma de adxudicación mediante procedemento aberto e tramitación urxente para a CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA CAPA RODADURA DO CAMIÑO DENDE A RAÑA A LAMAS. FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL. OBRA 09FEIL08.

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

